

BASES DO CONCURSO DE COCHES ENGANANADOS CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DE SAN CRISTOVO 2026

Con motivo da celebración da festividade de San Cristovo 2026, O Concello de Meis, convoca un concurso de “**Coches Engalanados**” que se regulará segundo as seguintes bases:

1. O Concurso terá lugar o sábado 11 de xullo de 2026 a partir das 19:30 horas, os/as participante neste concurso formarán parte dunha caravana de vehículos que sairá dende o Campo da Feira de O Mosteiro e discorrerá polas parroquias do Concello, ata o Campo da Feira onde se fallará o concurso.
2. Os coches engalanados concursantes deberán estar preparados nos seus postos.
3. O Xurado estará formado por persoas colaboradoras nas festas, que se situarán nun lugar preferente para proceder á puntuación.
4. A entrega dos premios farase ó final da festa.
5. O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “Deserta” algunhas das categorías.
6. A participación no concurso implica a aceptación plena das bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.
7. Os premios son os seguintes:

| 1º PREMIO | 2º PREMIO | 3º PREMIO |
|------------------|------------------|------------------|
| 150 € | 100€ | 50 € |

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

En Meis, a data da sinatura electrónica.

Dna. Marta Giráldez Barral

Alcaldesa- Presidenta do Concello de Meis.

